



## RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA, POLA QUE SE RESOLVE A CONVOCATORIA DE PROVISIÓN TEMPORAL DE POSTOS DE TRABALLO MEDIANTE O SISTEMA DE SUBSTITUCIÓN

O 30/05/2023 ofertáronse para a súa provisión temporal mediante o sistema de substitución entre persoal funcionario dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza, os postos relacionados no Anexo I da dita convocatoria.

Logo da revisión das peticións recibidas nesta Dirección Xeral,

### DISPOÑO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar e facer pública no Anexo I da presente resolución a lista definitiva dos destinos adjudicados ao persoal funcionario que participou na convocatoria do 30/05/2023.

**SEGUNDO.-** A incorporación ao posto de traballo en substitución será na data de efectos indicada no correspondente acordo de substitución.

Para a formalización desta incorporación expedirase dilixencia de constancia asinada polo/a superior funcional e pola persoa adjudicataria, dilixencia que deberá ser remitida á Dirección Xeral de Xustiza por correo electrónico ([servicio.persoal.xustiza@xunta.gal](mailto:servicio.persoal.xustiza@xunta.gal)) nesa mesma data.

A renuncia á substitución adjudicada pola presente Resolución, será penalizada coa imposibilidade de obter unha nova substitución durante o período dun ano.

**TERCEIRO.-** O posto de traballo deberá ser ocupado de xeito efectivo, salvo causa xustificada, pola persoa adjudicataria da substitución, mesmo con interrupción, de ser o caso, do desfrute de vacacións, licenzas ou permisos, que en todo caso terán que ser informados polo órgano de destino e autorizados pola correspondente xefatura territorial de acordo coas necesidades do servizo.

**CUARTO.-** Os correspondentes acordos de substitución entre titulares serán enviados por correo electrónico ás persoas adjudicatarias, sendo comunicados a súa vez aos superiores funcionais dos órganos de orixe e destino para o seu coñecemento.

**QUINTO.-** Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso de reposición ante o director xeral de xustiza no prazo dun mes (arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas) ou recurso contencioso-administrativo ante o órgano xudicial competente no prazo de dous meses (art.14 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).





ANEXO I

<b>Órgano xudicial da desocupación:</b>	<b>Xdo. de Paz A Laracha</b>		
Motivo da desocupación:	Licenza por enfermidade	Corpo:	CAX
Adxudicatario/a:	Sen peticións		

<b>Órgano xudicial da desocupación:</b>	<b>Xdo. 1ª Instancia e Instrución n. 1 Xinzo de Limia</b>		
Motivo da desocupación:	Comisión de servizos	Corpo:	CTPA
Adxudicatario/a:	Sonia Gómez Sieiro		
Localidade de destino:	Verín	Corpo:	CAX
Data:	12/06/2023		

<b>Órgano xudicial da desocupación:</b>	<b>Xdo. Contencioso - Administrativo n. 2 Pontevedra</b>		
Motivo da desocupación:	Licenza por enfermidade	Corpo:	CTPA
Adxudicatario/a:	Pablo José Furones Pérez		
Localidade de destino:	Pontevedra	Corpo:	CAX
Data:	12/06/2023		

<b>Órgano xudicial da desocupación:</b>	<b>Fiscalía Provincial Pontevedra</b>		
Motivo da desocupación:	Licenza por enfermidade	Corpo:	CTPA
Adxudicatario/a:	Sen peticións		

